



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (I.A.E.)

Artigo 1.-

De conformidade co disposto no artigo 15.2 da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais e no uso das facultades concedidas polos artigos 85, 88 e 89 da devandita Lei en orde á fixación da cota de gravame do Imposto sobre Actividades Económicas, establécese esta Ordenanza fiscal, redactada conforme ó disposto no número 2 do artigo 16 da repetida Lei.

Artigo 2.-

As cotas mínimas fixadas nas tarifas en vigor que foran aprobadas por Real Decreto Legislativo do Goberno, serán incrementadas mediante a aplicación sobre as mesmas do coeficiente de ponderación determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo.

Artigo 3.-

En aplicación do artigo 89 da repetida Lei, para determina-la cota final esixible ás actividades, non se establece unha escala de índices de situación que modifique a cota calculada segundo o artigo anterior.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente redacción desta Ordenanza fiscal aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 10 de outubro de 2003, entrará en vigor ó día seguinte o da súa publicación no boletín Oficial da Provincia, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2004, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.